



O BISPO DE MONDOÑEDO-FERROL
Á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Mondoñedo, 15 de outubro de 2018

Querida comunidade diocesana:

O meu saúdo de fe, esperanza e caridade en Xesucristo, rostro da misericordia do Pai.

Con gozo, responsabilidade e esperanza anúnciovos que vou realizar a Visita Pastoral nesta querida Diocese comezando polo Arciprestado de Ribadeo-Miranda, a cuxas portas quedou a anterior Visita que realizara o meu inmediato predecesor, D. Manuel Sánchez, hoxe bispo de Santander.

Aínda que hai nestes tempos moitas celebracións e encontros co Bispo, que facilitan as boas vías de comunicación, a Visita Pastoral ten unha importancia que sinala San Xoán Paulo II no número 46 da Exhortación Apostólica *Pastores gregis*, cando a describe como un “auténtico tempo de graza e momento especial, máis aínda, único, para o encontro e diálogo do Bispo cos fieis [...] É o momento en que exerce máis preto do seu pobo o ministerio da palabra, a santificación e a guía pastoral, en contacto máis directo coas angustias e as preocupacións, as alegrías e as expectativas da xente, coa posibilidade de exhortar a todos á esperanza”.

Por tanto, pídvos a todos, sacerdotes, seminaristas, persoas consagradas, matrimonios e demais laicos desta Igrexa Particular de Mondoñedo-Ferrol, que oredes e acompañedes cos vosos pasos de fe o camiño da Visita Pastoral. A través dela, quero profundar no meu coñecemento acerca de vós, no da realidade diocesana e dar-me eu a coñecer máis como bispo misioneiro enviado a vós en nome do Señor Xesús para acompañar e alentar a transformación misioneira diocesana.

En cada ocasión, ao comezo da Visita Pastoral a cada arciprestado, as súas unidades pastorais e parroquias coas súas comunidades, consellos, asociacións, confrarías e grupos, escribirei aos diocesanos cos que me vou a atopar para saudar e animar a preparar con esmero e entusiasmo esta extraordinaria acción pastoral sempre antiga e sempre nova, por estrear.

Oremos agora polos irmáns e irmás do Arciprestado de Ribadeo-Miranda, onde imos celebrar de inmediato a Visita Pastoral. Pidamos que se renove a alegría do encontro co Señor Xesús e creza a conversión persoal e comunitaria para edificar comunidades cristiás vivas e misioneras. Cando prosiga por outro arciprestado, novamente pedireivos oración e compromiso para seguir edificando a Igrexa neste lugar de Deus que é Mondoñedo-Ferrol.

Encomendamos a Visita Pastoral á nosa Sra. dos Remedios e a San Rosendo. Que nos dean luces para a nosa andaina de fe, esperanza e caridade misioneras.

Co meu afecto e bendición.

✠ Luis Ángel de las Heras, C.M.F.
Bispo de Mondoñedo-Ferrol



EL OBISPO DE MONDOÑEDO-FERROL

A LA DIÓCESIS DE MONDOÑEDO-FERROL

Mondoñedo, 15 de octubre de 2018

Querida comunidad diocesana:

Mi saludo de fe, esperanza y caridad en Jesucristo, rostro de la misericordia del Padre.

Con gozo, responsabilidad y esperanza os anuncio que voy a realizar la Visita Pastoral en esta querida Diócesis comenzando por el Arciprestazgo de Ribadeo-Miranda, a cuyas puertas quedó la anterior Visita que realizara mi inmediato predecesor, D. Manuel Sánchez, hoy obispo de Santander.

Aunque hay en estos tiempos muchas celebraciones y encuentros con el Obispo, que facilitan las buenas vías de comunicación, la Visita Pastoral tiene una importancia que señala San Juan Pablo II en el número 46 de la Exhortación Apostólica *Pastores gregis*, cuando la describe como un “auténtico tiempo de gracia y momento especial, más aún, único, para el encuentro y diálogo del Obispo con los fieles [...] Es el momento en que ejerce más cerca de su pueblo el ministerio de la palabra, la santificación y la guía pastoral, en contacto más directo con las angustias y las preocupaciones, las alegrías y las expectativas de la gente, con la posibilidad de exhortar a todos a la esperanza”.

Por tanto, os pido a todos, sacerdotes, seminaristas, personas consagradas, matrimonios y demás laicos de esta Iglesia Particular de Mondoñedo-Ferrol, que oréis y acompañéis con vuestros pasos de fe el camino de la Visita Pastoral. A través de ella, quiero profundizar en mi conocimiento acerca de vosotros, de la realidad diocesana y darme yo a conocer más como obispo misionero enviado a vosotros en nombre del Señor Jesús para acompañar y alentar la transformación misionera diocesana.

En cada ocasión, al inicio de la Visita Pastoral a cada arciprestazgo, sus unidades pastorales y parroquias con sus comunidades, consejos, asociaciones, cofradías y grupos, escribiré a los diocesanos con los que me voy a encontrar para saludar y animar a preparar con esmero y entusiasmo esta extraordinaria acción pastoral siempre antigua y siempre nueva, por estrenar.

Oremos ahora por los hermanos y hermanas del Arciprestazgo de Ribadeo-Miranda, donde vamos a celebrar de inmediato la Visita Pastoral. Pidamos que se renueve la alegría del encuentro con el Señor Jesús y crezca la conversión personal y comunitaria para edificar comunidades cristianas vivas y misioneras. Cuando prosiga por otro arciprestazgo, nuevamente os pediré oración y compromiso para seguir edificando la Iglesia en este lugar de Dios que es Mondoñedo-Ferrol.

Encomendamos la Visita Pastoral a Ntra. Sra. de los Remedios y a San Rosendo. Que nos den luces para nuestra andadura de fe, esperanza y caridad misioneras.

Con mi afecto y bendición.

✠ Luis Ángel de las Heras, C.M.F.
Obispo de Mondoñedo-Ferrol